

## Información específica á concellos (Procedementos BS324C)

Información DOG (páxi.24700 a 24713):

### ***Solicitudes, prazo e documentación:***

As solicitudes presentaranse por Sede Electrónica: <https://sede.xunta.gal>. No caso de presentala presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica e considerárase como data de presentación de solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

**Prazo para solicitar:** do 19 de maio ao 18 de xuño de 2018(ámbolos dous incluídos)

- Solicitude en modelo oficial Anexo I-C .
- Certificado do secretario o secretaria que recolla o acordo do órgano competente, de solicitude da subvención e se nomee representante se procede.
- Certificado do secretario ou secretaria de ter remitido ao Consello de Contas as contas xerais do último exercicio.
- Anexo II proxecto de mobilidade. **Os proxectos deben adaptarse aos contidos deste anexo que será o único documento que se teña en conta na valoración**
- Para proxectos realizados con recursos humanos da propia entidade: certificación do/a representante na que conste as persoas designadas, funcións que desempeñarán (responsable proxecto ou/e mentor), titulación, experiencia, xornada e período de tempo que adicará ao proxecto. A certificación tamén deberá ser asinada polas persoas designadas.
- No caso de comprometerse a acoller mobilidades doutras entidades europeas: acordo de colaboración bilateral (asinado por ambas partes).
- Para municipios que soliciten conxuntamente, documento no que se acorde a colaboración dos concellos e incluírá o nomeamento da persoa que actuará como representante, así como os certificados dos acordos do Pleno ou da Xunta de Goberno de cada concello autorizando ao representante.
- Nas solicitudes conxuntas e de mancomunidades, declaración responsable de estar o día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, así como de non ter débeda coa Administración Pública ou Sector Público da Comunidade Autónoma ou autorización de cada un dos concellos (Anexo VIII por cada concello).
- Memoria de aforro de custe para proxectos conxuntos.
- Anexo IV, de ser o caso.

### ***Criterios de avaliación:***

Puntuación máxima ao proxecto presentado (110 puntos), sen prexuízo do previsto para as axudas conxuntas, puntúan as seguintes melloras:

- Número de persoas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito de Galicia a data de remate da presentación de solicitudes, máximo 10 puntos con mais de 50 persoas inscritas e mínimo 4 para mais de 5 inscritas.
  - Melloras dos recursos humanos respecto dos mínimos esixidos( máximo 16 puntos)
  - Melloras da preparación lingüística da mocidade participante respecto dos mínimos esixidos (máximo 14 puntos)
  - Ter asinados acordos coas entidades socias de acollida no momento de solicitar o proxecto (ata 18 puntos)
  - Puntuación ao número de mobilidades que contén o proxecto (máximo 6 puntos)
  - Puntuación ao tempo de duración das prácticas a razón de 0,20 puntos por cada día que exceda de 2 meses (máximo 6 puntos)
  - Acordos de colaboración bilateral para acoller para acoller mobilidades doutras entidade europeas ( máximo 8 puntos).
  - Proxectos que téñena alúmenos 1 fluxo coa participación do 45% de persoas con discapacidade ( 9 puntos)
  - Ter xestionado nos últimos 5 anos proxectos específicos cuxos participantes fosen persoas mozas con discapacidade igual ou superior a 33% (máximo 10 puntos)
  - Estar xestionando no momento da presentación da solicitude proxectos específicos para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (1,5 puntos)
  - Ter xestionado nos últimos 5 anos proxectos específicos cuxos participantes fosen persoas mozas en risco de exclusión social ( máximo 10 puntos)
  - Estar xestionando no momento da presentación da solicitude proxectos para participantes en risco de exclusión social ( 1,5 puntos).
- Puntuación pola presentación de proxecto conxunto por mancomunidade ou agrupación de concellos e puntuación específica no suposto de fusión.

(As puntuacións destes apartados pódense consultar na Base 3ª Procedemento BS324C).

### ***Resolucións:***

Serán publicadas na páxina da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado <http://xuventude.xunta.gal> e <http://garantiajuvenil.xunta.gal>:

1º As relacións provisionais de persoas excluídas, a de admitidas (beneficiarias e na lista de agarda). Terán un prazo de **5 días hábiles para reclamacións**.

2º As reclamacións consideraranse resoltas coa publicación das listas definitivas nas páxinas indicadas.

### ***Aceptación da axuda:***

1º 10 días hábiles para presentar Anexo III cuberto aceptando ou renunciando a axuda e para solicitar o anticipo da mesma.

2º 20 días hábiles e sempre que non se presentase con anterioridade, acordo coa entidade social de acollida ( Anexo IV). Este documento pode presentarse por correo electrónico: [galeuropapr-garantiajuvenil@xunta.gal](mailto:galeuropapr-garantiajuvenil@xunta.gal).

3º O/s concello/s beneficiario/s adquirirá a condición de intermediario colaborador e deberá encargarse de asociarse a aplicación informática Participa 1420, que permite o rexistro de indicadores, debendo cubrir os indicadores da propia entidade e recabar o dos seus participantes.

***Documentación para comezar as prácticas:***

No momento da selección dos participantes a seguinte documentación:

-Relación de persoas seleccionadas para realizar as mobilidades, co fin de que a DXXPV verifique que cumpren os requisitos esixidos no Rexistro Nacional de Garantía Xuvenil.

-Cuestionario de indicadores dos participantes.

**3 días antes de inicio das prácticas:**

-Relación de participantes coa data de inicio e de remate das prácticas.

-Xustificantes dos seguros de accidentes, médicos e responsabilidade civil.

-Certificación do persoal contratado para o proxecto, de ser o caso.

**Nos 3 días seguintes ao inicio das prácticas:**

-Relación de empresas de prácticas dos participantes indicando a persoa que exercerá de titora.

-Calendario de realización das prácticas de cada participante que recolla día de comezo, remate, días laborables e horario.

- Comunicar nos 3 días seguintes en que se produza o feito, interrupción e abandono das prácticas, cambio de empresa/entidade dos participantes.

***Xustificación da axuda:***

1.- Declaración complementaria de non ter percibido outras axudas para a mesma finalidade, Anexo VII.

2.- Anexo V, certificado emitido pola empresa/entidade de prácticas por cada participante, no que conste o período, horas e actividades levadas a cabo (asinado pola persoa de empresa/entidades que exerceu a titoría das prácticas e beneficiario/a).

3.-Proba documental de asistencia diaria as prácticas segundo modelo Anexo V (continuación) semanal, no que deberá constar o número de horas diarias a firma diaria do/a participante e a firma en cada folla semanal pola persoa/s da empresa/entidade que exerceu a titoría das prácticas.

4.-Anexo VI-C, memoria de actividades do proxecto. Inclúe: actividades realizadas na preparación e planificación, aspectos salientables da execución, avaliación e seguimento e apoio a titorización das mobilidades.

**Anexarán as memorias a seguinte documentación:**

-Follas de sinaturas das xornadas realizadas cos participantes e reportaxe fotográfico, a reportaxe tamén debe abarcar unha mostra da práctica de cada participante.

-Diario de sesións presencias con empresas, participantes e firmas dos asistentes. Diarios de sesións te telefónicas, así como incidencias atendidas a través do teléfono con anotación de data e hora.

-Reportaxe de fotos das xornadas formativas previas e posteriores as mobilidades e unha mostra das prácticas de cada participante.

-Relación de participantes segundo Anexo VI-C

-Certificación de como o proceso selectivo de participantes na mobilidade se adaptou ao establecido nas bases.

-Extracto da contabilidade que xustifique a contabilidade separadamente

- Documentación que acredite o cumprimento das obrigas en materia de información e comunicación do proxecto de mobilidade.
- Documentación xustificativa do apoio lingüístico impartido aos participantes.
- Certificación que acredite a dedicación ao proxecto das persoas responsable e ou mentores.

#### 5.-Xustificación axudas á execución de proxecto:

- Documentación acreditativa das viaxes realizadas por responsable proxecto/ mentores ao país de destino (tarxetas embarque, billetes...), así como partes de traballo con indicación de horario e actividades realizadas durante a estadía.
- Memoria de actividades realizadas pola entidade de acollida e incluírá os partes de traballo semanais ou diarios adicados a mobilidade (redactada en lingua oficial da Comunidade Autónoma Galega: galego ou castelán.)
- Copia da transferencia bancaria realizada a entidade socia de acollida polo importe que corresponda.

#### ***Obrigas:***

- Buscar entidades socias de acollida para xestionar as mobilidades.
- Dispoñer de seguros médicos e de responsabilidade civil e accidentes das persoas participantes.
- Difusión adecuada da convocatoria da mobilidade.
- Manter contacto coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado mediante correo electrónico desde o momento en que a entidade resulte beneficiaria, durante a realización do proxecto mobilidade e ata un ano despois de finalizar.
- Asistir as reunións informativas e formativas as que sexan convocadas no período do proxecto e ata un ano despois de finalización do mesmo.
- Cumprimentar os cuestionarios postos á súa disposición desde a aplicación informática 1420 coa totalidade de datos que lle sexan solicitados e segundo a forma e prazos establecidos.
- Enviar a documentación requirida na selección de participantes, antes do inicio de prácticas e durante as mesmas.
- Satisfacer as obrigas económicas que deriven do funcionamento do proxecto subvencionado.
- Comunicar e xustificar a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado as modificacións substanciais do proxecto de subvención. O cambio de país non pode supoñer un aumento das contías concedidas.
- Planificar e organizar a xestión a viaxe e as estadias nos participantes no país de destino e ter capacidade administrativa e financeira para cubrir as condicións da axuda.
- Realizar como mínimo unha xornada de orientación co fin de facilitar a inserción laboral dos participantes, antes do vencemento do prazo de xustificación.

#### ***Incumprimentos- reintegro da subvención***

##### **Supostos de reintegro do 100% da axuda concedida:**

- Incumprimento das condicións esixidas para a concesión da axuda .
- Non realizar a actividade obxecto da subvención, ou adoptar un comportamento contrario ao que fundamenta a concesión.
- Non presentar a documentación esixida para a xustificación dos gastos.
- Incumprimento da obriga de non presentar a certificación de prácticas anexo V e o documento de asistencia diaria as mesmas de cada participante.

##### **Supostos de reintegro do 2% da axuda concedida:**

- Non devolver cubertos algún dos cuestionario de indicadores de produtividade ou resultados solicitados.
- Incumprimento da obriga de acreditar a cobertura de seguros médicos, accidentes e de responsabilidade civil. O reintegro será do 1% si soamente afecta a días de algún dos seguros.
- Incumprimento da obriga en materia de publicidade.
- Incumprimento da obriga de manter unha pista de auditoría.
- O incumprimento do horario de prácticas dará lugar a descontos do 1% da axuda por cada hora, e a falta de asistencia aplicaráselle o desconto dos días non realizados.
- Incumprimento da obriga de realizar a xornada de orientación , reintegro do 10% da axuda.
- Por envío de participantes sen a verificación da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado de como reúnen os requisitos do Fichero Nacional de Garantía Xuvenil, reintegro da axuda que corresponde a cada participante non verificado.
- Por obter outras axudas para mesma actividade, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.
- A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da resolución de concesión por concorreren as causas previstas nos artigos 47 e 48 , Lei 29/2015.

## TÁBOAS CONTÍAS AXUDAS

### **Táboa1 (artigo 6.a) das bases reguladoras)**

APOIO Á ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DA MOBILIDADE			
Custos subvencionables	Mecanismo financiamento	Importe	Norma de asignación
a) APOIO A ASPECTOS ORGANIZATIVOS	Custos unitarios	550 euros por participante	Baseada no número de participantes na mobilidade

b) APOIO Á EXECUCIÓN DO PROXECTO	1º Apoio para a entidade de envío	<p>- 1 mentor de 4 a 8 mobilidades no mesmo país de destino.</p> <p>- 2 mentores desde 9 ou máis mobilidades, no mesmo ou distinto país de destino.</p> <p>GASTOS DE VIAXE = Táboa 2</p> <p>Nº máximo de viaxes (ida e volta) a cada país de destino:</p> <p>- Unha viaxe previa á mobilidade para a busca de socios de acollida</p> <p>Só será subvencionable a viaxe cando se trate de establecer acordos con novos socios para o programa Galeuropa. Se xa existe ese acordo, non será subvencionable esta viaxe</p> <p>- 2 viaxes para o/s mentor/es:</p> <p>1. Acompañamento a participantes ao comezo da mobilidade</p> <p>2. Visita intermedia de seguimento das mobilidades ou acompañamento a participantes ao remate da mobilidade.</p> <p>GASTOS DE MANUTENCIÓN E ALOXAMENTO=Táboa 3</p> <p>Cando as estadias superen os 14 días (continuos ou alternos) os importes diarios reduciranse nun 30%</p> <p>Os días de estadia non inclúen os días da viaxe de ida e volta.</p> <p>Máximo de estadias subvencionables:</p> <p>- busca de novos socios: 10 días (1 persoa)</p> <p>- Acompañamento, seguimento (mentor/es): 10 días/mes</p>				Baseada no número de persoas que viaxen segundo número de mobilidades en cada país de destino e a duración das mobilidades	
	2º Apoio para a entidade socia de acollida	Custos unitarios	<p>Máximo 1 socio de acollida en cada país de destino.</p> <p>Os días elixibles son os de duración da mobilidade máis 5 días adicionais de preparación. Os importes por día indícanse na táboa seguinte. Se un grupo ten menos de 8 participantes ou máis de 12, os importes unitarios se reducirán ou incrementarán nun 5% por participante respectivamente.</p>				Baseada en: duración das mobilidades, núm. de países de destino, núm. de participantes
		Destino	€/día	Destino	€/día	Destino	€/día
		Alemaña	33 €	Finlandia	39 €	P. Baixos	39 €
		Austria	39 €	Francia	37€	Polonia	34 €
		Bélxica	37 €	Grecia	38 €	Portugal	37 €
		Bulgaria	32 €	Hungría	33 €	*Azores	40 €
		Chipre	32 €	Irlanda	39 €	*Madeira	40 €
		Croacia	35 €	Italia	39 €	R. Checa	32 €
		Dinamarca	40 €	Letonia	34 €	R. Unido	40 €
		Eslovaquia	35 €	Lituania	34 €	Romanía	32 €
		Eslovenia	34 €	Luxemburgo	36 €	Suecia	39 €
		Estonia	33 €	Malta	37 €		

**Táboa 2 (artigo 6.a) das bases reguladoras)**

GASTOS DE VIAXE MENTOR/ES ENTIDADE DE ENVÍO (ida e volta)					
Destino	Contía	Destino	Contía	Destino	Contía
Alemaña	275€	Finlandia	360€	P. Baixos	275€
Austria	360€	Francia	275€	Polonia	360€
Bélxica	275€	Grecia	360€	Portugal	180€
Bulgaria	360€	Hungría	360€	*Azores	275€

GASTOS DE VIAXE MENTOR/ES ENTIDADE DE ENVÍO (ida e volta)						
Chipre	530€		Irlanda	275€	*Madeira	275€
Croacia	275€		Italia	275€	R. Checa	275€
Dinamarca	360€		Letonia	360€	R. Unido	275€
Eslovaquia	360€		Lituania	360€	Romanía	360€
Eslovenia	275€		Luxemburgo	275€	Suecia	360€
Estonia	360€		Malta	360€		

**Táboa 3 (artigo 6.a) das bases reguladoras)**

GASTOS ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN MENTOR/ES ENTIDADE DE ENVÍO					
Destino	Contía día/mentor	Destino	Contía día /mentor	Destino	Contía día/mentor
Alemaña	58 €	Finlandia	71 €	P. Baixos	69 €
Austria	61 €	Francia	66 €	Polonia	59 €
Bélxica	65 €	Grecia	71 €	Portugal	65 €
Bulgaria	53 €	Hungría	55 €	*Azores	65 €
Chipre	58 €	Irlanda	74 €	*Madeira	65 €
Croacia	62 €	Italia	66 €	R. Checa	54 €
Dinamarca	72 €	Letonia	59 €	R. Unido	76 €
Eslovaquia	60 €	Lituania	58 €	Romanía	54 €
Eslovenia	60 €	Luxemburgo	66 €	Suecia	70 €
Estonia	56 €	Malta	65 €		

**Táboa 4 (artigo 6.b) das bases reguladoras)**

CONTÍAS DE AXUDA PARA OS GASTOS DA MOBILIDADE DOS/AS MOZOS/AS PARTICIPANTES DENDE O DÍA DE INICIO ATA O DÍA DE REMATE DAS PRÁCTICAS					
Países	Custo mes/participante	<sup>(1)</sup> Custo día/participante	Países	Custo mes/participante	<sup>(1)</sup> Custo día/participante
Alemaña	1.226€	40,31€	Italia	1.350€	44,38€
Austria	1.278€	42,02€	Letonia	920€	30,25€
Bélxica	1.200€	39,45€	Lituania	906€	29,79€
Bulgaria	1.002€	32,94€	Luxemburgo	1.200€	39,45€
Chipre	1.096€	36,03€	Malta	1.088€	35,77€
Croacia	1.041€	34,98€	P. Baixos	1.322€	43,46€
Dinamarca	1.654€	54,38€	Polonia	1.320€	43,40€
Eslovaquia	1.058€	34,78€	Portugal	1.102€	36,23€
Eslovenia	1.042€	34,26€	*Azores e Madeira	1.670€	54,90€
Estonia	954€	31,36€	R. Checa	1.024€	33,67€
Finlandia	1.400€	46,03€	R. Unido	1.672€	54,97€
Francia	1.418€	46,62€	Romanía	1.008€	33,14€
Grecia	1.120€	36,82€	Suecia	1.378€	45,30€
Hungría	914€	30,05€			
Irlanda	1.464€	48,13€			

*(1) Os custos por día só se aplicarán nos casos excepcionais nos que a duración das prácticas non comprenda meses completos, ou no caso no que haxa que aplicar descontos.*